

## AUTOR

Antonio Yáñez Casal

## ILUSTRADOR

Dani Padrón

## TEMAS

Saúde e enfermidade.  
Misterio. Interculturalidade.  
Solidariedade. Fantasía.  
Libros. Animais. Xustiza

## COMPETENCIAS

Coñecemento  
e interacción  
co mundo físico.  
Aprender a aprender

## RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Ciencias Sociais.  
Ciencias da Natureza

N.º DE PÁGINAS: 128



# O detective de Nullarbor

*O conto cambiou!*

## POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque é una entretida historia detectivesca protagonizada por animais que fomenta a imaxinación e a creatividade. Porque agoga unha mensaxe que enalta a liberdade e as bondades da diversidade.

## RESUMO DO ARGUMENTO

Unha estraña epidemia esténdese por Australia: os nenos non poden quedar durmidos porque os contos están a cambiar. O detective Etelvino Chouteiro, un canguro, recibe o encargo do caso e voa de volta á súa terra natal. Acompañado da súa axudanta, unha carracha, Etelvino percorre o país ata descubrir algo inaudito: a culpa é dos propios personaxes, que cansaron de facer sempre o mesmo. Tras moitas aventuras, a carracha dá coa solución: escribir un libro que explique aos nenos que os personaxes estanxe a divertir.

## PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para todo tipo de lectores, pois mistura intriga e humor de xeito moi intelixente. Gustará especialmente aos amantes das historias de detectives e a aqueles con interese polas viaxes e as terras exóticas.

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### INDIVIDUAL

Pide aos teus alumnos que fagan un **resumo da pescuda** nunha táboa que recolla os seguintes datos: *nome dos investigadores, cliente, caso (descripción do problema), pistas, escenarios da investigación, víctimas, testemuñas, sospeitosos, culpables, móvil e solución.*

### PARELLAS

No libro aparecen distintas **versións de contos tradicionais**. Escolle outro diferente e busca unha versión moderna (a ser posible, que cambie os roles de xénero tradicionais). Logo, propón aos teus alumnos que, por parellas, resuman e comparen as dúas historias. En gran grupo, facede unha posta en común e debatidé cuestiós coma estas: *Existe máis dunha versión da historia orixinal? En que cambiou a versión moderna? Teñen a mesma moral? Que versión lles gusta máis e por que?*


### GRUPO

Aproveita a epidemia que investiga Etelvino para explicar aos teus alumnos a diferenza entre **epidemia, pandemia e endemia**. Logo, accedede a este recurso web sobre a epidemia da gripe: [www.e-sm.net/epidemia\\_gripe](http://www.e-sm.net/epidemia_gripe). Entre todos, facede un listado de boas prácticas para evitar a propagación da gripe. Podedes empregar a ocasión para falar da pandemia do covid-19.

### CIENCIAS SOCIAIS / CIENCIAS DA NATUREZA

Anima aos teus alumnos a facer unha **presentación sobre Australia**. Para iso, divide a clase en grupos:

- Un grupo debuxará un mapa do país no que marcarán o precorrido que fan Etelvino e a súa axudanta, e falarán das cidades e os accidentes xeográficos más salientables.
- Outro grupo amosará as zonas climáticas, a fauna e a flora.
- Un terceiro grupo centrarase nos aspectos culturais: linguas, relixión, gastronomía, música, edificios emblemáticos... Acórdalle que poden procurar datos nas enciclopedias e atlas da biblioteca, imprimir imaxes de internet, facer os seus propios debuxos, e mesmo empregar vídeos ou música.



## TALLER DE ESCRITURA

Suxire aos teus alumnos que escriban unha **reportaxe de viaxes** do seu lugar favorito (*a aldea familiar, o lugar onde pasaron as últimas vacacións, a súa cidade de orixe...*). Explícalles que a intención do texto é persuadir ao lector de facer unha visita, de xeito que non deben escatimar argumentos nin adxectivos para amosar que ten de especial ese lugar, nin tampouco esquecer datos de interese para o turista: o clima, a paisaxe, a oferta deportiva e cultural, a gastronomía...